

# A CALIDADE DO AIRE

Os seres humanos coas nosas actividades diarias alteramos o aire que nos rodea ata o punto de modificar a composición da atmosfera, os seus equilibrios e ritmos. A escala local podemos percibir na nosa contorna sobre os edificios, a flora, a fauna e mesmo sobre a nosa saúde. Unha consecuencia global é a crise climática.

Para valorar a calidade do aire que respiramos é necesario coñecer a composición e concentración dos múltiples gases e partículas presentes na atmosfera. Sobre estes tamén inflúen diversas variables meteorolóxicas como a temperatura, a humidade, os ventos, as precipitacións, a radiación solar ou a presión atmosférica que actúan como dispersores ou amplificadores dos contaminantes.



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

## SISTEMA DE INFORMACIÓN DE CALIDADE AMBIENTAL



Se queres  
saber máis

OT2. Garantir o mellor uso das tecnoloxías de información. Este proxecto foi cofinanciado ao 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).  
Importe total do subministro do Lote 1: (202.132,94 €) IVE INCLuíDO.  
Do expediente: 541/2020/560

## A CIDADE QUE QUEREMOS



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

## O AIRE QUE RESPIRAMOS



Unha Rede de Vixilancia da Calidade do Aire confórmana un conxunto de estacións dedicadas a medir a concentración de contaminantes na atmosfera. Son cinco:

**Parque de Santa Margarida**

(mide: NO, NO2, NOx, SO2,CO, O3, Partículas PM10,PM 2,5 e PM1)

**Praza Pablo Iglesias (Castrillón)**

(mide: NO, NO2, NOx, SO2,CO, Ozono, Partículas PM10,PM 2,5 , PM1, Benzeno, Tolueno e Xileno)

**San Diego (Os Castros),**

destinada a medir os niveis de partículas PM10,PM 2,5 e PM1

**Monte San Pedro**

(mide: NO, NO2, NOx, SO2)

**Praza Fábrica de Tabacos**

(mide: NO, NO2, NOx, SO2, CO, O3, Partículas PM10 e PM 2,5

Máis de 200.000 € investidos na mellora da nosa Rede de Vixilancia de Calidade do Aire para cumprir cos estándares normativos europeos (UNE-EN).

Nova estación na Praza da Fábrica de Tabacos.

Substitución de medidores de contaminantes nas estacións de Pablo Iglesias e Santa Margarida.

**Nova estación situado na Praza Fábrica de Tabacos, equipada con:**

- Analizador de SO2
- Analizador de O3
- Analizador de CO
- Analizador de NO, NO2 e NOx
- Analizador de Partículas PM10
- Analizador de Partículas PM2,5

**Melloras na estación de Pablo Iglesias.**

**Substitución de:**

- Analizador de SO2
- Analizador de O3
- Analizador de Partículas PM10.
- Analizador de Partículas PM2,5

**Melloras estación de Santa Margarida.**

**Substitución de:**

- Analizador de SO2
- Analizador de O3

As medicións que se realizan nas estacións da rede de vixilancia municipal están dispoñibles na web <http://coruna.es/infoambiental/>



## Á TÚA DISPOSICIÓN

Coñece a Rede de Vixilancia da Calidade do Aire da Coruña

Estes son algúns consellos prácticos para reducir o noso nivel de emisións á atmosfera:

Utiliza transportes alternativos (como a bicicleta) ou de servizo público colectivo. Evita na medida do posible o uso do teu vehículo particular!

Apaga as luces, o ordenador, a televisión, os xogos de vídeo e outros equipos eléctricos cando non os estes a usar. Tamén os indicadores do acendido-apagado.

Cando teñas que cambiar un electrodoméstico, adquire un equipo que consuma menos electricidade, os chamados de baixo consumo. O mesmo debes facer coas lámpadas.

Trata de limitar o uso do aire acondicionado e da calefacción.

